



Mero: A ver, señora nai, como se facía para sacar o aire do morto?

Sra Natalia: Pois mira, faise así: tes que ir a unha encrucillada, de catro camiños, onde haxa catro camiños, a unha encrucillada. E entonces alí pideslle ao morto que sea, se é Farruco é Farruco, se é Francisco é Francisco, é igual. E dislle: “*Anda, leva o aire de morto e trae o de vivo, que o de morto non ten conforto e o de vivo quere respiro. Anda Farruco, damo.*” E dislle así hasta nove veces. E rezas un Padrenuestro coma se fora de vivo.

M: E un Avemaría.

N: E un Avemaría.

M: E como decían, que cando era a sombra grande había que ir aos catro camiños? Ou como era?

N: Si, pois aí hai que ir aos catro camiños, cando é do morto. Tamén cando é dun vivo, igual.

M: Se a sombra é grande.

N: Se o levas de moito tempo, se o levas de pouco...

M: E hai que facelo nun cruce de catro camiños?

N: De catro camiños. Tírala i- agua tamén, que lavas... que lavas que te lavas ti ou un fillo ou o que sea, tírala tamén a unha encrucillada.

M: A unha encrucillada?

N: A unha encrucillada. Eso é moi bo!

M: Ah...